

**RESOLUCIÓN DO 14 DE ABRIL DO 2026 DA DIRECTORA XERAL DA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S.A. POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO PARA A REALIZACIÓN DA PROBA TIPO TEST CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 16 DE MAIO DE 2025 (DOG nº 111 DO 12 DE XUÑO DE 2025)**

A Resolución do 16 de maio do 2025 de convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de promoción interna e mediante o sistema de concurso-oposición para a cobertura de diversas prazas da Corporación establecía un prazo de corenta (40) días hábiles para a realización da proba tipo test, contado dende o día seguinte ao da constitución dos tribunais avaliadores. Ambos tribunais constituíronse o día 26 de marzo do 2026.

Adoptado o acordo en sesión dos tribunais solicitouse, polas súas secretarías, e dentro dos límites establecidos pola normativa, a ampliación do prazo de realización da proba tipo test polo prazo máximo permitido.

En consecuencia e, en virtude das razóns expostas, a Dirección Xeral da Corporación, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.** A ampliación do prazo da realización da proba tipo test do proceso selectivo convocado polo máximo permitido pola lei (vinte días hábiles).

**SEGUNDO.** Publicar esta resolución para os efectos que procedan.

Santiago de Compostela, 14 de abril do 2026

A Directora Xeral da CSAG



CORPORACIÓN  
DE SERVIZOS  
AUDIOVISUAIS  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

María Concepción Pombo Romero